

Categoría: Xuvenil

Pseudónimo: Scorpio

## TAN BELO... TAN FRÁXIL...

“Un rapaz de oito anos de paseo polo monte, ese era eu. Aquela era unha época fermosa, con poucas preocupacións e cun mundo inmenso por coñecer.

Eu trataba de recoller en medio folio todo o que me rodeaba, que eran, basicamente, troncos, pólas e follas de árbores ás que aínda non sabía nomear. Se estabamos alí, nun dos montes próximos a Baiona, ou talvez a Oia (xa que a aquela idade non era demasiado consciente dos lugares que visitaba), era precisamente porque meu pai quería amosarnos todo o seu coñecemento sobre árbores.

Queríalle dedicar o debuxo a miña nai, pero por moito que me esmerara, a natureza era máis complexa e sorprendente do que podía trazar no papel. Recordo que me cansei de usar o lapis e pasei á caixa de cores que estreara a semana anterior.

Estela era aínda máis pequena ca min, así que meu pai tiña que atendela mentres eu me entretiña coas miñas ceras.

—Non Estela, xa sei que son bonitas, pero as flores do toxo non se poden coller.

Un toxo. Meu pai acababa de decidir por min a que lle daría cor primeiro. Sen embargo, cambiei de idea ao mirar cara ao ceo, que tiña unha estraña

tonalidade gris. Nese momento non lle dei importancia máis que para coller a cera de cor gris en vez da amarela.

Pero o ceo gris, sen dúbida, significaba máis que un simple cambio no meu debuxo. Sóubeno pouco despois, cando meu pai se decatou de que había un olor preocupante no aire. Mirou cara a arriba e non pensou en cores ao ver o ceo.

—Non pode ser... —dixo alarmado.

Para entón, eu xa me esquecera do debuxo.

—¿Papá?

El non me respondeu, colleu a Estela entre os brazos botou unha última ollada cara a atrás, onde, a través das árbores, se comezaba a adiviñar unha escura fumareda.

—Marchamos, Antón.

Non o dixo moi alto, pero a firmeza da súa voz fíxome erguerme do chan e ir tras el. Noutras circunstancias enfadaríame por ter que gardar as ceras de cores de forma tan desordenada. Pero tiña medo, e o peor era decatarse de que meu pai tamén.

Tardamos aínda varios minutos en ver a estrada tras as árbores. A poucos metros de chegar a ela, un mozo pasou correndo ao noso lado. Apurou máis unha vez nos adiantou e caeulle algo ao chan. Xirouse o xusto para deixarme ver unhas gafas de sol sobre os seus ollos. Meu pai viu algo máis ca min, porque comezou a berrarlle.

Díxolle que se detivera e non reprimiu un par de insultos. O mozo fixo todo o contrario e ao subir a un coche branco aparcado a pouca distancia do noso, desapareceu estrada arriba. Estela empezou a chorar ante o

comportamento de meu pai, que eu tampouco entendía. El achegouse ao obxecto que aínda permanecía no chan e colleuno; era un acendedor.

Subimos ao coche e meu pai levounos o lonxe que puido antes de deterse, saír do vehículo e chamar a alguén por teléfono. O seu móbil non se parecía en nada ao que ten agora, pero para o que o precisaba, servía. Creo que fixo varias chamadas e despois por fin nos levou para a casa.

Eu miraba o ceo, no que se estendía unha arrepiante nube negra, e se miraba un pouco máis alá, vía chamas alaranxadas elevarse sobre as árbores. Tiña oito anos, pero sabía o que era un incendio e sabía as consecuencias que podía chegar a ter. O que descubrín aquel día foi que había persoas con acendedores que provocaban incendios sen pedirlle permiso a ninguén.

Estela tamén miraba o ceo, pero as súas mans enredaban cunha flor amarela que meu pai lle dera despois de moito insistir. Non sei se era consciente do preto que estiveramos do perigo, pero creo que sabía que o noso pai se enfadara porque pasara algo moi malo.

Ao chegar á casa, miña nai xa vovera de traballar e estaba ao corrente do que sucedera. Amoseille o meu debuxo sen acabar, pero ela preferiu abrazarnos a Estela e a min con forza.

Os días pasaron, tamén os meses, e na miña cabeza a imaxe do mozo que viramos saíndo do bosque deformábase. Xa non estaba seguro de que fora “un”, senón que quizais fora “unha” moza. E tamén comezaba a dubidar da idade que lle botara nun principio.

Creo que meu pai axudou na investigación e que conseguiron atopar ao culpable, pero, para min, o dese día xa quedara nun susto. Máis que o mozo, moza, muller ou home que deixara caer aquel acendedor no monte,

preocupábanme todos eses que non os deixaban caer pero que tamén estaban detrás dos incendios.

Porque sigo sen entender como a día de hoxe, dez anos despois daquilo, ao prender o televisor vense incendios intencionados que, por moi pequenos que parezan ao principio, arrasan montes e incluso aldeas. E pregúntome cantos nenos haberá que viven todo isto en primeira persoa, como unha vez o vivín eu.

Tivemos moita sorte, pero con cada incendio que se provoca, moitas vidas corren perigo; as dos bombeiros, as das persoas que viven preto da zona do lume, as dos animais que teñen que fuxir... E que queda despois? O gris do ceo recobre a terra, as árbores caen convertidas en cinzas e o que unha vez foi belo, tardará décadas ou séculos en volver selo...”

Silencio.

Tardo en atreverme a mirar aos meus compañeiros. Foi idea de Estela que fixera o traballo de fin de curso sobre ese día que preferiría non recordar, pero que tanto me marcou.

Estou alí na aula, de pé, diante de todos. Entón escoito aplausos, tímidos ao principio, fortes despois. Pero, a verdade, os aplausos non me alivian como noutras ocasións. Supoño que fixen un bo traballo, pero o monte que vin arder ao lonxe hai dez anos non volverá ser o que era por moitas palmadas que dean os meus compañeiros.

Sen embargo, ao ver as bágoas de emoción que asoman nos ollos da profesora, síntome satisfeito. Volvo mirar aos demais e convénzome de que polo menos eles non parece que vaian provocar un incendio a propósito, sobre todo despois do que lles contei.

Penso un intre no debuxo inacabado que gardo coma un tesouro na miña habitación e permítome crer que por moitos tolos ou persoas inconscientes que haxa polo mundo, algún día conseguiremos que non paguen os seus desvaríos co medio.

Regreso ao meu asento e espero a que o seguinte expoña o seu traballo. Cun pouco de sorte, o problema que expoña será máis sinxelo de resolver.